

MATERIA

Xogos Populares e Xogos Regulados en Educación Primaria

TITULACIÓN

Grao en Mestre ou Mestra en Educación Primaria

unidade
didáctica
2

A iniciación deportiva e deporte escolar

Miguel Cons Ferreiro

Rubén Navarro Patón

Área de Didáctica da Expresión Corporal

Departamento de Didácticas Aplicadas

Facultade de Formación do Profesorado

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2019

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
da Universidade de Santiago de Compostela
usc.es/publicacions

ISBN

978-84-17595-56-2

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788417595562>

MATERIA: Xogos Populares e Xogos Regulados na Educación Primaria TITULACIÓN: Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. Os xogos populares e tradicionais

Os xogos e deportes populares: Introducción, conceptos e clasificacións.

Os xogos populares e tradicionais na Educación Física escolar.

A iniciación deportiva e os xogos deportivos. Conceptos básicos.

Unidade II. A iniciación deportiva e o deporte escolar

Conceptos básicos. Clasificación dos xogos deportivos.

Os elementos pedagóxicos do deporte. Os valores na iniciación deportiva.

A igualdade de xénero no deporte.

A iniciación deportiva no contexto escolar.

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

OBXECTIVOS

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

OS CONTIDOS BÁSICOS

1. A iniciación deportiva e os xogos deportivos. Conceptos básicos.
 - 1.1. Introducción
 - 1.2. Clasificación dos xogos deportivos
2. Os elementos pedagóxicos do deporte. Os valores e a igualdade de xénero.
 - 2.1. Introducción
 - 2.2. Os elementos pedagóxicos
3. Os valores educativos na iniciación deportiva
4. Deporte e xénero. Un pouco de historia
 - 4.1. Diferenzas biolóxicas: Mitos e realidades
5. A Iniciación deportiva no contexto escolar
 - 5.1. A iniciación deportiva e o deporte no currículo de Educación Primaria
 - 5.2. A iniciación deportiva. Do modelo técnico ao construtivista

ACTIVIDADES PROPOSTAS

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

BIBLIOGRAFÍA

PRESENTACIÓN

Esta unidade didáctica denominada «a iniciación deportiva e o deporte escolar» forma parte da materia optativa de Mención en Educación Física «Xogos populares e xogos regulados en Educación Primaria» que se imparte no primeiro semestre do cuarto curso dentro da titulación de Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria. Nesta materia trátanse a iniciación deportiva e o deporte escolar dende un punto de vista educativo, tanto a nivel teórico coma práctico. Trátase dunha materia ordinaria de grao cunha carga lectiva de 4,5 créditos ECTS (18 horas expositivas e 18 horas interactivas de laboratorio).

Nesta unidade didáctica, dáse unha fundamentación e enmarque conceptual, clasificación e características da iniciación deportiva e o deporte escolar, o papel que estes xogan na educación física escolar, o seu tratamento educativo dentro do currículo de Educación Primaria, e finalmente unhas pinceladas dos deportes colectivos e individuais máis populares nos nosos tempos e que poden ser tratados dende a educación física escolar.

Figura 1: Esquema da materia



Fonte: Elaboración propia


OBXECTIVOS

Obxectivos didácticos

Os obxectivos que se pretenden alcanzar nesta unidade didáctica son os seguintes:

- Conceptualizar que é o que entendemos por xogos regulados e iniciación deportiva.
- Comprender o papel que dos xogos regulados e o deporte na educación física escolar;
- Propoñer diferentes aplicacións prácticas en función dos tipos de xogos e deportes populares;
- Fundamentar de xeito pedagóxico a diferentes consideracións didácticas a ter en conta para a aplicación educativa e recreativa do deporte en xeral e do deporte escolar en particular.

Figura 2. Relación dos obxectivos da unidade didáctica cos obxectivos da materia



Fonte: Elaboración propia

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

A metodoloxía empregada será activa e participativa, encamiñada á consecución dunha aprendizaxe máis significativa no alumnado. Os procedementos que se van utilizar serán os seguintes:

- 1. Clases expositivas (18 horas).** As actividades presenciais en gran grupo desta materia seguirán unha estrutura clásica, de tal xeito que se sitúe a materia conceptualmente, dándolle sentido e pertinencia na titulación, estudando os contidos propios da mesma na etapa primaria, así como os aspectos didácticos e organizativos que guían o proceso de ensino-aprendizaxe na Educación Física escolar no que a iniciación deportiva e o deporte escolar se refire. Porén, nestas clases, intentarase construír unha idea da Educación Física escolar coherente coa idea profesional do proceso de ensino-aprendizaxe que se promove dende a titulación. Estes fundamentos teóricos teñen unha complementariedade inmediata co ámbito práctico da materia, tanto a nivel das sesións interactivas como no desenvolvemento dos traballos da materia, tanto individual coma grupal.
- 2. Clases interactivas (18 horas).** De xeito análogo procederase nas actividades en grupo reducido de laboratorio á posta en práctica de dous exemplos de deportes, un de carácter individual e outro de carácter colectivo utilizando os diferentes métodos e estilos de ensinanza. Nas sesións interactivas fomentarase a expresividade do alumnado para comprobar a súa competencia en comunicación oral e promover a súa mellora.
- 3. Tutorías programadas.** Ademais das tutorías tradicionais de despacho, o alumnado terá que acudir en sesión de tutorías programadas dentro do horario establecido ao longo do semestre (3 horas) en grupos moi reducidos, co fin de orientar o seu traballo grupal (deseño, programación e desenvolvemento dunha Unidade Didáctica sobre a iniciación deportiva).
- 4. Curso virtual.** Como apoio á docencia presencial, habilitarase un espazo virtual onde se colocarán os documentos de apoio e as lecturas recomendadas, e será o medio de comunicación sobre os aspectos sobrevidos da organización da materia.

OS CONTIDOS BÁSICOS

1. A iniciación deportiva e os xogos deportivos. Conceptos básicos.

1.1. Introducción

Os xogos e deportes son actividades físicas, unhas veces individuais e outras colectivas, que requiren de destreza para levalas a bo fin. Pero entón, que diferenza o xogo do deporte?

O xogo é unha actividade libre e espontánea, onde as regras, o número de participantes, os obxectivos e os materiais poden variar, xa que o fin é xogar. E por que

é diferente a un deporte? Os deportes teñen unha institución internacional que os ampara, que se chama Federación, por exemplo en atletismo é a IAAF (International Association of Athletics Federations). Estas institucións crean unhas regras universais para practicar os deportes, así independentemente do país, idioma ou condición dos participantes, todos poden practicar ou competir nesa modalidade deportiva.

O xogo está moi relacionado coa cultura popular, xa sexa dunha zona en concreto (autóctona) ou de carácter máis universal. Cando un xogo excede as barreiras sociais (xeografía, idioma, relixión, raza) convértese nunha linguaxe universal, e é sen dúbida, o momento no que o xogo pode dar o gran salto para converterse en deporte

A continuación veremos as diferenzas entre xogo e deporte segundo Hernández (1994).

**Táboa 1. Diferenzas entre xogo e deporte
(Modificado de Hernández, 1994)**

	XOGO	DEPORTE
REGULAMENTO	Non existe como tal. As regras son as que os participantes deciden	Sempre hai un oficial
INSTALACIÓNS	Calquera espazo libre	Espazo regulamentario
COMPETICIÓN	Non é esencial	Sempre hai
ÁRBITROS-XUÍCES	Non existe, todos deciden	É elemento imprescindible

1.2. Clasificación dos xogos deportivos

Como vimos anteriormente, os deportes son actividades físicas reguladas, que teñen como obxectivo principal, superar unha marca ou vencer a un oponente ou equipo. A final de contas, competir para gañar. Os deportes teñen un regulamento, un xuíz (ou árbitro) que entre outras cousas condiciona as condutas dos participantes e un rival (ou conxunto de rivais).

Existen múltiples clasificacións, así que apuntaremos as máis populares, **comezando pola clasificación baseada na estrutura dos deportes**, (Parlebas, 1988).

Os deportes poden ser individuais ou colectivos, con ou sen adversario, e nun espazo fixo, ou nun espazo variable (táboa 2).

Táboa 2. Clasificación baseada na estrutura dos deportes (Parlebas, 1988)

Deporte individual			Deporte Colectivo		
Con adversario	Espazo Fixo	1 Halterofilia 2 Saltos de esquí.	Con adversario	Espazo Fixo	1 Natación sincronizada 2 Patinaxe artístico parellas
	Espazo Variable	1 Rallyes 2 Surf		Espazo Variable	1 Contra reloxo ciclista por equipos 2 Rafting
Sen Adversario	Espazo Fixo	1 Judo 2 Bádminton	Sen Adversario	Espazo Fixo	1 Fútbol 2 Baloncesto
	Espazo Variable	1 Ciclismo 2 Triatlón		Espazo Variable	1 Regata de Vela 2 raids de aventura

Cabe apuntar que esta clasificación foi ampliada por Blázquez e Hernández (1994):

- Espazo separado e participación alternativa. (dobres en tenis)
- Espazo común e participación simultánea. (judo, boxeo)
- Espazo común e participación alternativa. (bolos, squash)

Segundo a **tipoloxía do deporte** (Durand, 1968), os deportes pódense clasificar en 4 grandes grupos: individuais, de equipo, de combate na natureza.

O problema desta clasificación é a superposición de deportes individuais/equipo con deportes combate/natureza, xa que os primeiros poden ser enmarcados nos segundos.

Para rematar esta revisión sinalamos a proposta de Almond (1986) baseada nos factores comprensivos de clasificación dos xogos deportivos dividida en 5 categorías (táboa 3).

Táboa 3. Clasificación baseada na tipoloxía do deporte (Almond, 1986)

Nome	Concepto
Xogos de Branco ou diana	Son os que teñen como obxectivo alcanzar un branco (obxecto ou persoa)
Xogos de muro	Os xogadores (compañeiros e rivais) disputan o xogo nun espazo común, e a dinámica vén como consecuencia da alternancia de accións mediante a utilización dun muro (frontón, metacrilato, etc.)
Xogos de invasión	Os xogadores participan do mesmo espazo, coa asignación dunha metade de ataque e outra metade de defensa, o obxectivo é manter ou progresar o móbil coa finalidade de anotar tanto
Xogos de cancha dividida	Nun espazo deportivo que é delimitado por unha rede (normalmente) e que os xogadores opoñentes non poden franquear fisicamente
Xogos de campo e bate	O seu fundamento adoita ser a alternancia entre o lanzamento e o golpeo, nun espazo común pero con roles diferentes e alternos. O críquet ou o béisbol son algúns exemplos

2. Os elementos pedagóxicos do deporte. Os valores e a igualdade de xénero.

2.1. Introducción

Xogar favorece o desenvolvemento da personalidade. Algunhas persoas afirman trabucadas que xogar é perder o tempo, que hai que dedicarse a tarefas “máis intelectuais”. Seguramente estas persoas non xogaron o suficiente.

Cando somos pícaros pequenos, o xogo é a primeira forma de comunicación, entre os pais e os fillos. Todos recordamos cancións, bromas, e pequenas tarefas lúdicas que os nosos pais suscitábanos. Pero o camiño do xogo non se queda aí. O xogo e o deporte tamén che axuda a crecer, e son un compoñente moi importante na conformación da personalidade e un instrumento óptimo na educación da persoa xa que:

- O xogo contribúe a un coñecemento vivencial e máis completo do propio corpo.
- Xogar axuda ao descubrimento dun mesmo como fonte de pracer.
- Achado do “outro” e dos “demais” como elementos de relacións constantes e xeradoras de experiencias únicas (amizade, cooperación, confianza, respecto).
- Xogando favorécese a estabilidade emocional, afectiva, persoal e social.
- Aprendizaxes, coñecementos e adaptacións á contorna.
- Fomento das capacidades investigadora, imaxinativa e creativa, que veñen sendo os motores do desenvolvemento do mundo.
- Mellora de capacidades, calidades e habilidades físicas.
- Preparación deportiva.
- Diversión e goce, a alegría e o pracer, a satisfacción e a risa, que se atopan sempre presentes nos auténticos xogos.

2.2. Os elementos pedagóxicos

Neste sentido, entendemos as finalidades da iniciación deportiva como un medio na construción educativa da persoa, é dicir, que o que é fin para algo (a iniciación deportiva) é parte dun todo (a educación e formación integral do alumnado). Nesta liña Seiru-lo (1998) entende que na iniciación deportiva o educativo é o conformador da personalidade do alumno e unha optimización na configuración cognitiva do alumno, por outra banda Le Boulch (1991) postula que o deporte é educativo cando permite á neno o desenvolvemento das súas calidades motrices e psicomotrices.

Na nosa opinión, as finalidades da iniciación deportiva son aquelas que teñen que ver coa educación da persoa a través dun deporte, conformando todas as dimensións da personalidade en torno a unha actividade físico-deportiva, xa que é o escaparate perfecto para o desenvolvemento físico e psíquico, a inserción social, a motivación e autoestima persoal, sempre nunha contorna saudable, fóra de malas

prácticas e hábitos pouco saudables. Por todo isto, podemos concluir que algúns dos obxectivos da iniciación deportiva son:

- Mellorar a motricidade, e condición física xeral a través da práctica deportiva.
- Desenvolver un bloque do currículo de Educación Física.
- Coñecer as diferentes manifestacións deportivas e practicalas.
- Adquirir uns hábitos deportivos perdurables para toda a vida.
- Utilizar o deporte como ferramenta de inserción social e descubrimento dun mesmo.
- Afianzar a personalidade, mellorar a motivación e favorecer a catarse a través da práctica deportiva.
- Coñecer, entender e respectar os diferentes roles no deporte, (xogador, árbitro, espectador, adestrador)

3. Os valores educativos na iniciación deportiva

O deporte e a actividade física poden parecer algo simple e normal dentro das nosas vidas. Moitos de nós levantámonos cedo algunha fin de semana (ata con choiva e frío) e imos practicar algún deporte para pasar un intre agradable e divertirmos. Isto é posible porque o deporte inculca uns valores e uns hábitos que se superpoñen por riba do madrugár, das condicións atmosféricas ou ata das condicións económicas e sociais.

Numerosos gobernos e organizacións internacionais recoñecen a importancia que o deporte e a educación física teñen para a vida das persoas. Documentos como a **“Carta Europea do Deporte”** promovida polo Consello de Europa ou a declaración do ano 2005 como **“Ano Internacional da Educación Física e o Deporte”** por parte da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, xa poden facernos reflexionar sobre algo que criamos sinxelo e sen importancia.

O Consello de Europa elaborou en 1992 a **“Carta Europea do Deporte”**, un documento que melloraba e revisaba a **“Carta Europea do Deporte para Todos”** do ano 1975. Neste texto os ministros de deportes dos países europeos expoñen a importancia que o deporte e a Educación Física ten para a vida das persoas. Nalgún dos seus puntos pode lerse que:

- É un dereito de toda persoa.
- É importante a promoción do deporte como factor de desenvolvemento humano.
- É unha actividade social e cultural baseada nunha libre elección que estimula os contactos entre os países e cidadáns europeos.
- Transmite ideas e “valores” que nos fan un pouco mellores a cada un de nós, axudando a crear un mundo máis unido e solidario.

Os valores que o deporte transmite chegan a cada un dos seus practicantes e expáñdense por todos os pobos da Terra. A continuación imos ver algúns deles para comprender mellor a súa importancia:

Linguaxe universal

A finais do Séc. XIX intentouse crear unha linguaxe internacional que unise a todos os pobos e facilitase así a súa comunicación. Deste xeito nace o “esperanto” unha idea que, con todo, non chegou a ter o éxito que se esperaba. Curiosamente, tamén nesas datas, nace o fenómeno deportivo moderno, o que hoxe se converteu na verdadeira linguaxe universal regulada sobre todo grazas aos *public school* ingleses. Isto significa que sen coñecer ningún idioma foráneo, poderíase xogar a un determinado deporte, xa que implicitamente ten unha linguaxe universal.

Non violencia

A competición deportiva serviu ao longo da Historia para establecer treguas entre pobos que estaban en guerra, por exemplo na antiga Grecia. O deporte é un verdadeiro emisario de paz e contribúe a que os diferentes pobos se unan para competir en igualdade de condicións e sen ter en conta as súas crenzas, culturas ou relixións. O deporte debería encamiñarse cara á paz e á solidariedade por encima de todo. As condutas violentas deben ser sancionadas non só desde o dereito, senón desde a sociedade, manifestando repulsa a aqueles que fan do deporte unha causa inxustificada para xerar conflitos, vandalismo ou ideais que inciten á desorde pública e á violencia gratuíta.

Igualdade e integración

O espírito deportivo é universal e nace da unión de todos os pobos do planeta. O deporte non entende de idade, sexo, nacionalidade, diversidade funcional, política ou relixión.

Co paso do tempo hanse ir facendo grandes esforzos para garantir o dereito de toda persoa a practicar deporte. Dous grandes obxectivos desta loita pola igualdade foron o deporte feminino e o deporte de persoas discapacitadas. Na segunda olimpíada celebrada en 1900 en París xa puideron participar as mulleres, pero, aínda na actualidade deben seguir loitando polos seus dereitos. As primeiras Paraolimpíadas do ano 1960 supuxeron un impulso decisivo para que toda persoa, sexa cal for a súa discapacidade, poida participar e competir nun gran evento deportivo.

Esforzo e vontade

Para mellorar, tanto no deporte como na vida, é bo ter algo de talento pero, sen dúbida o máis importante é o esforzo e a vontade que poñamos para intentar alcanzar as nosas metas. Os grandes deportistas chegan a conseguir os seus éxitos porque se esforzaron por mellorar desde nenos e han ter suficiente vontade para

non abandonar cando as cousas non saían ben. O espírito deportivo debe ser a base na iniciación actividade deportiva, tendo como base a vontade e o esforzo.

Saúde en benestar

Tamén sabemos a importancia que ten para a saúde a práctica de actividade física de forma regular. A perspectiva hixiénica do deporte é tamén un elemento a ter en conta. A adherencia a un deporte e a súa práctica habitual é sen dúbida un axente de saúde.

Xogo limpo (fair play)

Unha das principais ideas nas que se basea o deporte é a igualdade. Cando se participa dunha competición, todos os deportistas deben partir das mesmas condicións e oportunidades. Ese é o espírito do deporte. A ausencia de “fair play” pódese entender desde diversas perspectivas. Tanto as condutas antideportivas, violentas, fóra das regras estrita do deporte, a non aceptación da derrota, a actitude altiva na vitoria son algúns exemplos intolerables no deporte en xeral e na iniciación deportiva en particular. Un capítulo moi especial merece o tema da dopaxe, tanto no mundo profesional, como no *amateur* (anabolizantes consumidos en ximnasios, dopaxe para superar probas de policía, bombeiros, etc. e outros elementos que poden danar a saúde) É misión do mestre instruír nas boas artes, mostrando os verdadeiros valores do deporte e as consecuencias deportivas, sociais e de saúde da ausencia do “fair play”.

Sustentabilidade e medio ambiente

O deporte tamén defende a idea dun desenvolvemento sostible que garanta a conservación do noso medio ambiente. Moitos deportes desenvólvense no medio natural, e non só deben terse en conta as condicións deportivas senón todo o impacto que puidese causar. Así por exemplo para realizar unha actividade deportiva nun río é necesario pedir permiso á administración autonómica, que velará polo respecto e conservación da natureza.

Amizade e sociabilidade

O deporte é un axente de inclusión social, xerando relacións de amizade en torno a unha vida activa. Na iniciación deportiva é unha ferramenta a ter en conta, xa que reforzará todo o compoñente humanista da educación formal, axudando aos alumnos a integrarse contorna ao deporte e a usalo fose do ámbito escolar, que a final de contas é a idea que suscita o currículo educativo, unha aprendizaxe para toda a vida.

4. Deporte e xénero. Un pouco de historia

A marxinación deportiva da muller era algo que estaba á orde do día na antigüidade porque se pensaba que o deporte era sinónimo de pouca feminidade. E a obediencia ao home, pola súa banda, era esixida por moitas relixións e organizacións laborais, sendo o comportamento habitual da muller o ser “submisas” (Barallo, 1989).

Inicialmente, hai millóns de anos, posiblemente a muller tiña características físicas parecidas ao home. Con todo, ao longo da historia, diversos factores fixeron que a muller tivese un desenvolvemento distinto. (Barallo, 1989). O home valíase da forza para realizar diversas actividades e iso trasladouse ao ámbito deportivo. A muller, con todo, non necesitaba desenvolver esa robustez dado que non practicaba tantas actividades de caza ou de defensa ante animais que puidesen atacalas. Era o home probablemente quen se encargaba destas tarefas.

Por isto, o protagonismo deportivo desde os seus comezos estivo sempre no home, o que determinou que fose unha tarefa ardua e difícil da loita da muller por conquistar o seu pleno acceso ao deporte durante o pasado século XX. Nos Xogos Olímpicos da antiga Grecia participaban só varóns, e ata non estaba permitida a presenza da muller como espectadora. Con todo temos datos da práctica deportiva da muller en tempos remotos, así, na cultura cretense (3500 a.C.) as mulleres xa practicaban deportes perigosos como a caza, conducir carros e participar na tauromaquia. A sociedade faraónica exipcia transmitiunos a través de pinturas murais en templos, tumbas e palacios, imaxes de “ximnastas danzantes”.

Xa nos séculos XVII e XVIII en Europa pensábase que estaban completamente excluídas do deporte, pero non é así, aínda que non cabo dúbida que a súa participación foi moi inferior á do home. A Raíña Isabel I de Inglaterra (1593-1603) e a súa corte divertíanse cazando. Durante o século XVIII as actividades relacionadas coa caza e a loita entre animais eran de gran interese para ambos sexos e todos o niveis sociais. A loita, un deporte popular entre homes de clase traballadora, tamén tivo ocasionalmente combatentes femininas. En Venecia, tiña lugar a final do século XVII unha regata anual para mulleres. No lugar de Inverness (Escocia) había un partido de fútbol anual entre mulleres casadas e solteiras.

Na época dos 80, hai unha progresiva incorporación da muller a actividades deportivas que anteriormente tiña vetadas, caso das probas de longa distancia como a maratón incluída por primeira vez nos Xogos Olímpicos en 1984, ou os deportes de combate.

Na actualidade existe presenza deportiva da muller nas máis variadas formas deportivas, ata en modalidades onde a práctica feminina é fisioloxicamente contraindicada, como ocorre co boxeo, onde hai unha minoría significativa.

Durante os últimos anos as mulleres foron mellorando o nivel das súas prestacións deportivas, achegándose cada vez máis ao nivel competitivo dos atletas masculinos, chegando ata a superalos en ramas deportivas tradicionalmente masculinas.

4.1. Diferenzas biolóxicas: Mitos e realidades

É obvio que homes e mulleres son diferentes, sendo de escasa relevancia estas diferenzas en idades temperás, pero que se farán manifestas na adolescencia pola presenza dos diferentes niveis hormonais que determinarán o posterior desenvolvemento durante a idade adulta.

Desde sempre existiron deportes diferenciados para as mulleres, os categoricamente inaceptables, aqueles que aparelan violencia ou contacto físico; os non aceptables como moitas formas de deporte de equipo; e os xeralmente aceptables, fundamentalmente modalidades individuais que expresan elegancia ou flexibilidade.

En relación ao tamaño corporal non existe desigualdade nas posibilidades de forza entre un e outro xénero, si a expresamos en función da altura, en idades comprendidas entre os 7 e os 17 anos.

Socioloxicamente, todas as mulleres que se dedicaron ao deporte, víronse influenciadas pola ideoloxía e crenzas dos nosos antepasados e, estas actitudes, danáronas psicoloxicamente na competición, non podendo aproveitar todo o seu potencial. Na sociedade actual, a profesión da muller de facer os labores da casa e coidar da familia tende a desaparecer paulatinamente. O deporte feminino e a participación en eventos deportivos femininos, como xa se dixo, está cada vez máis desenvolvido.

A muller pode chegar a estar en parecidas condicións físicas ca o home, aínda que fisioloxicamente sexa diferente. Isto é, mediante o esforzo e a práctica deportiva pode alcanzar un físico poderoso que pode superar ao físico dalgún home que non estea nas mesmas condicións de desenvolvemento deportivo. Como indica Barallo (1989) estudos deportivos demostran que a muller só chega a un 60-90 % das marcas deportivas que o home e que ningunha proba científica chegou á conclusión de que a muller sexa menos apta para o exercicio e a competición tendo en conta que os seus rendementos sempre serán algo peores.

En definitiva os retos que se propoñen en relación coa poboación feminina céntranse no incremento da práctica deportiva, o aumento de participación nalgúns deportes e na mellora das condicións de acceso e de realización.

Aínda queda moito camiño por andar para que o deporte masculino e feminino sexan equiparables, tanto a nivel humano como económico, pero un síntoma de que as cousas están cambiando é o papel tan destacado que o deporte feminino español ten na actualidade. Para rematar, será tarefa das mulleres dar o impulso final ao cambio, demostrando que a igualdade, tendo en conta as diferenzas biolóxicas, é un feito.

5. A Iniciación deportiva no contexto escolar

5.1. A iniciación deportiva e o deporte no currículo de Educación Primaria

Nos últimos anos comezou un debate curricular sobre o deporte, habendo diferentes tendencias e correntes. Aínda que coa LOXSE (1990) o deporte non tiña un sitio como bloque no seu currículo, na LOE (2006) e agora coa LOMCE (2013), no desenvolvemento do currículo desta última en Galicia mediante o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, o deporte aparece como bloque específico, na denominación de “os xogos e actividades deportivas”.

A continuación imos realizar unha análise da situación actual do deporte no currículo LOMCE.

Os obxectivos xerais da Educación Primaria relacionados coa iniciación deportiva

A Educación Primaria, en relación co bloque de contidos de xogos e actividades deportivas contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor
- c) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

As competencias Clave na educación Primaria

Enténdese por competencia capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensino e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos. Esta competencias son:

- 1 Comunicación lingüística.
- 2 Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
- 3 Competencia dixital.
- 4 Aprender a aprender.
- 5 Competencias sociais e cívicas.

- 6 Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- 7 Conciencia e expresións culturais.

Disciplinas ou áreas curriculares

Os alumnos e alumnas deben cursar as seguintes áreas do bloque de disciplinas troncais en cada un dos cursos:

- a) Ciencias da Natureza.
- b) Ciencias Sociais.
- c) Lingua Castelá e Literatura.
- d) Matemáticas.
- e) Primeira Lingua Estranxeira.

Os alumnos e alumnas deben cursar as seguintes áreas do bloque de disciplinas específicas en cada un dos cursos:

- a) Educación Física.
- b) Relixión ou Valores Sociais e Cívicos, á elección dos pais, nais ou titores legais.
- c) En función da regulación e da programación da oferta educativa que estableza cada Administración educativa e, se for o caso, da oferta dos centros docentes, polo menos unha das seguintes áreas do bloque de disciplinas específicas:
 1. Educación Artística.
 2. Segunda Lingua Estranxeira.

Bloques de contidos da área de Educación Física

Os contidos están distribuídos en seis grandes bloques:

Bloque 1. Contidos comúns.

Bloque 2. O corpo: imaxe e percepción.

Bloque 3. Habilidades motrices.

Bloque 4. Actividades físicas artístico expresivas.

Bloque 5. Actividade física e saúde.

Bloque 6. Os xogos e as actividades deportivas.

A continuación trataremos en profundidade este último bloque de contidos.

Táboa 4. Bloque 6: Os xogos e as actividades deportivas

PRIMEIRO E SEGUNDO CURSO (PRIMEIRO CICLO)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
A B K M	B6.1. Descubrimento da cooperación e a oposición con relación ás regras de xogo Aceptación de distintos papeis no xogo.	B6.1. Recoñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición.	EFB6.1.1. Iníciase no uso de tácticas elementais dos xogos.	CSC CSIEE CAA
	B6.2. Recoñecemento e aceptación das persoas que participan no xogo, aceptando o reto que supón opoñerse ao outro sen que iso derive en situacións de rivalidade ou menosprezo.		EFB6.1.2. Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición.	CAA CSIEE CSC
	B6.3. Comprensión das normas de xogo e cumprimento destas			
	B6.4. Confianza nas propias posibilidades na práctica dos xogos			
TERCEIRO E CUARTO CURSO (SEGUNDO CICLO)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
A B K M	B6.1. Descubrimento A aplicación das estratexias básicas de xogo relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación- oposición.	B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades.	Terceiro: EFB6.1.1. Iníciase no uso dos recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en situacións motrices habituais.	CSC CAA
	B6.2. Respecto cara ás persoas que participan no xogo e rexeitamento cara aos comportamentos antisociais.		EFB6.1.2. Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas.	CAA CSIEE CSC
	B6.3. Comprensión, aceptación e cumprimento das normas de xogo.		Cuarto EFB6.1.1. Consolida o uso dos recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en situacións motrices habituais.	

TERCEIRO E CUARTO CURSO (SEGUNDO CICLO) <i>continuación</i>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B6.6. Aplicación das habilidades básicas en situacións de xogo.	B6.3 Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico- deportivas.	EFB6.3.1. Comeza a recoñecer algunha capacidade física básica implicada nos xogos e actividades deportivas.	CSC CAA
	B6.7 Participación en xogos de diferente tipoloxía e iniciación á práctica de actividades deportivas a través de xogos pre-deportivos e o deporte adaptado.		EFB6.3.2. Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.	CSC CAA
			CUARTO EFB6.3.1. Distingue as capacidades físicas básicas implicadas nos xogos e nas actividades deportivas	CSC CAA

QUINTO E SEXTO CURSO (SEGUNDO CICLO)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
A B K m	B6.1 Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición. B6.2. Aceptación e respecto cara ás normas, regras e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo.	B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades.	EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices. EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.	CSC CSIEE CAA
	B6.5. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en xogos predeportivos e en predeportes. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as regras de xogo (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.	B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico- deportivas.	EFB6.3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.	CMCCT CSC CAA

QUINTO E SEXTO CURSO (SEGUNDO CICLO) <i>continuación</i>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B6.6. Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.		EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.	CMCCT CAA CSC
			EFB6.3.3. Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.	CMCCT CAA CSC
			EFB6.3.4. Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza	CMCCT CAA CCL CSC

Como se pode comprobar do extraído no decreto 105/2014, os xogos deportivos e a iniciación deportiva son traballados en todos os cursos mediante o seu recoñecemento e a súa práctica atendendo ás regras básicas que cada xogo.

A pesar disto, cabe dicir que o xogo deportivo e a iniciación deportiva segue estando presente no currículo da Educación Primaria, e por iso, desde a materia de Educación Física debemos velar polo seu uso e desenvolvemento

5.2. A iniciación deportiva. Do modelo técnico ao construtivista

Tradicionalmente a Educación Física centrouse cunha orientación baseada na competición. Este modelo partía dos sistemas de adestramento do deporte moderno, que polo século XIX empezouse a sistematizar, buscando sempre unha mellora do rendemento. Esta formulación respondía en forma de espello ao racionalismo da nova sociedade industrial (García, 1990). Este modelo foi levado ás escolas e reproducido nas clases de Educación Física, como un modelo técnico (e tradicional), baseado no ensino por obxectivos tal e como sinalaron diversos autores (Sacristán, 1986; Kirk, 1990; Contreras, De la Torre e Velázquez, 2001).

O modelo técnico destaca pola disociación de cada elemento, e a análise exhaustiva dos fundamentos do deporte, chegando ata aos extremos de separar as súas habilidades do “todo” do propio xogo. Poderíase dicir que é unha expresión do condicionamento operante no ensino do deporte.

Este enfoque, tal e como sinalan Ruíz (1996) e Contreras, De la Torre, e Velázquez (2001) presenta basicamente 3 fases.

1. Unha primeira na que se adquiren as habilidades técnicas dunha modalidade deportiva, por exemplo o *dribling* en baloncesto.

2. Unha segunda na que as habilidades técnicas ou específicas do deporte, desenvólvense en situacións simuladas de xogo, por exemplo en baloncesto driblar a un ou dous opoñentes sen infrinxir as regras de xogo.
3. E a terceira na que se integran todas as habilidades específicas (técnicas) en situacións de xogo real regulamentario.

Sánchez (1986, p.175) explica a aplicación deste modelo en 7 fases:

1. Presentación global do deporte.
2. Familiarización perceptiva.
3. Ensino dos modelos técnicos de execución.
4. Integración dos fundamentos técnicos nas situacións básicas de aplicación.
5. Formación dos esquemas básicos de decisión.
6. Ensino de esquemas tácticos colectivos.
7. Encaixe técnico-táctico de conxunto.

O modelo tradicional prevaleceu e aínda prevalece na iniciación deportiva, sobre todo no ámbito de clubs, pero diversos autores (Thorpe, 1992; Devis, 1996) atopaban inconvenientes ao levar este modelo ao ámbito escolar. Algúns destes inconvenientes respondían á morfoloxía, heteroxénea por natureza, dunha clase de Educación Física. O nivel de competencia motriz, o ritmo de aprendizaxe, os intereses (Contreras, De la Torre e Velázquez, 2001) marcan o devir do ensino deportivo na escola.

Para aproximar a iniciación deportiva ao contexto escolar, dunha forma máis racional e adaptada aos intereses, competencias e posibilidades dos alumnos, xorde o modelo construtivista para a iniciación deportiva escolar.

Este modelo, desenvolve a capacidade de comprensión do xogo, é dicir “o por que” e “para que”. Supera ao modelo técnico que na iniciación céntrase sobre todo na execución, pero non tanto na percepción e decisión, xa que é máis analítico.

No marco do currículo escolar, o modelo construtivista é a esencia da aprendizaxe motora, xa que xunta diversos xogos modificados (ou xogos sen necesariamente unha implicación deportiva explícita) para desenvolver procesos tácticos comúns cunha transferencia positiva que a posteriori se plasmará na comprensión e xa que logo aprendizaxe dos deportes. En palabras de Contreras, De la Torre e Velázquez (2001, p.164) “trátase dun enfoque didáctico do ensino deportivo caracterizado por pretender a participación activa do alumnado na relación de aprendizaxes, e a realización de aprendizaxes significativas e funcionais”.

Parece que da lectura do parágrafo anterior, o modelo construtivista obviar os aspectos técnicos ou a repetición do xesto para o seu interiorización, pero realmente non é así. A clave está en partir da comprensión dinámica da tarefa para desenvolver paralelamente e posteriormente de forma específica os aspectos técnicos.

Por exemplo, pódese ensinar unha finta de desprazamento en balonmán, en situación illada, un contra un, ou pódese partir do xogo dos dez pases con posibilidade de dar tres pasos antes de pasar o balón. Se partimos desta segunda tarefa, o alumno comprenderá de forma intrínseca a idea de profundidade e engano ao opoñente nunha estrutura táctica e con intención de buscar un compañeiro desmarcado, para máis adiante poder afianzar o control motor da finta nunha situación máis analítica.

A partir de aquí atopámonos con dúas orientacións no ensino construtivista da iniciación deportiva, o modelo “horizontal” e o modelo “vertical”.

De forma xenérica poderíamos afirmar que o modelo **construtivista horizontal** agrupa as habilidades comúns (sen chegar a ser específicas) que teñen

unha transferencia positiva con varios deportes. Por exemplo percibir espazos libres, interpretar movementos de compañeiros, enganar corporais (fintas), actividades de manipulación de móbiles ou implementos en situacións xogadas. Unha vez afianzada esta parte común (horizontal) pódese progresar de forma vertical (**modelo construtivista vertical**), en habilidades máis específicas como apoiar ao atacante ou defensor (para facilitar/difícultar a acción), buscar situacións de superioridade, manter unha posesión de balón o maior tempo posible, etc.

Evidentemente este modelo vai asociado á reflexión do alumnado e o seu transferencia ao deporte, por iso ten moito en conta os *feedbacks* que o discente aporta ao docente en canto á comprensión da tarefa “o que non sabe o que busca, non entende o que atopa”.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

As actividades desenvolveranse nos dous tipos de sesións que existen (Ver Principios metodolóxicos):

- Sesións expositivas: nas cales durante 18 horas presentaranse os contido teóricos a traballar e sempre relacionado coa práctica.
- Sesións prácticas: alternativamente ás teóricas traballaranse nos contidos prácticos, desenvolvendo a iniciación deportiva de forma horizontal e vertical.

Así actividades propostas teñen como base a taxonomía de Bloom (1956) no deseño das sesións e das tarefas e tendo en conta as teorías de Ausubel (1976) na relación entre as tarefas.

Así as actividades de ensinanza-aprendizaxe serán de tipo:

- Explicación de ideas: facilitar que o alumnado coñeza o problema ou situación a traballar.
- Construción de coñecementos: Orientadas á aprendizaxe de novos coñecementos. Partir dunha hipótese de progresión e incrementando o nivel de complexidade ó longo das sesións.
 - De aplicación: novas situacións e favorecer a evolución.
 - De síntese: conciencia do traballo feito.
 - De avaliación.

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

Os logros acadados polo alumnado con todo o traballo que realicen para esta materia, avaliaranse a través da realización dos exercicios que se sinalan neste apartado, e segundo as seguintes porcentaxes:

1. **Participación na aula:** 15% do total da nota. Rexistrarase a asistencia mediante sinatura en listado, que se pasará nas sesións interactivas/laboratorio e rexistro por parte do docente, así como unha presentación dunha serie de preguntas ou indicacións de forma individualizada, sobre cada unha das sesións diariamente

2. **Probas específicas:** 50% do total da nota. Exame final na data establecida.
3. **Informes escritos e outras producións:** 25% do total da nota. Traballo grupal final e actividades.
4. **Presentacións orais:** 10% do total da nota. Presentacións orais dos traballos realizados.

Táboa 5. Esquema da Avaliación

PARTE	TEÓRICA (peso na avaliación)		PRÁCTICA (peso na avaliación)		
Criterios de avaliación	Exame teórico – Preguntas test – Preguntas cortas – Preguntas tema	50%	Asistencia – Mínimo ao 80% das prácticas – Traballo diario	10%	
	Traballos escritos – Recensións – Análise de currículos LOE/LOMCE de forma autónoma		Traballo – Entrega en prazo – Presentación – Pertinencia – Calidade – Presentación		25%
	Participación – Debates – Suxestións – Apoio a compañeiros/as		Participación – Implicación – Apoio a compañeiros/a s – Colaboracións		
Método de rexistro	Exame teórico	Exames e cuestionarios	Asistencia	Listados de control	
	Traballos voluntarios	Diario do profesor/a, plataforma virtual	Traballo	Listado de control	
	Participación	Diario de aula e rexistro anecdótico	Participación	Escala de observación	

BIBLIOGRAFÍA

- Almond, I. (1986) "Reflecting on themes: a games classification". En Thorpe, D., Bunker, D. y Almond, L.. *Rethinking Games Teaching*. Loughborough University, 71-72.
- Anton, J. L. (1989): *Entrenamiento deportivo en la edad escolar*. Málaga: Ed. Andalucía, Consejería de Turismo , Comercio y Deporte (UNISPORT): Ed. Trillas.
- Barallo, G. (1989). *Sexo y deporte*. Bilbao: La Gran Enciclopedia Vasca.
- Bayer, C. (1986): *La enseñanza de los juegos deportivos colectivos*. Barcelona: Ed. Hispano Europea.
- Blázquez, D. (1986): *Iniciación a los deportes en equipo*. Barcelona: Ed. Martínez Roca.
- Blazquez, D. (1995). *La iniciación deportiva y el deporte escolar*. Barcelona: INDE.
- Bloom, B.S. (Ed.) (1956). *Taxonomy of educational objectives: The classification of educational goals: Handbook I, cognitive domain*. New York - Toronto: Longmans, Green.

- Cagigal, J. M. (1978). ¡Oh deporte! Anatomía de un gigante. Valladolid: Ed. Miñón.
- Carta Europea del Deporte (1992). Recomendación NoR (92)13 del Comité de Ministros a los Estados miembros sobre la Carta Europea del Deporte para todos.
- Carta Europea del Deporte para todos (1975). Conferencia de ministros europeos del Deporte.
- Chateau, J. (1973). Psicología de los juegos infantiles. Buenos Aires: Ed. Kapelusz.
- Contreras, O. (1998). Didáctica de la Educación Física. Un enfoque constructivista. Barcelona: Ed. INDE.
- Decreto 105/2014, e 4 de septiembre, por el que se establece el currículo de la educación primaria en la Comunidad Autónoma de Galicia. Diario Oficial de Galicia 171.
- Devis, J. (1996). Educación Física, deporte y currículum. Investigación y desarrollo curricular. Madrid: Ed. Visor.
- Devís, J. (1996). *Educación física, deporte y currículum. Investigación y desarrollo curricular*. Madrid: Ed. Visor.
- Diem, L. (1979). *El deporte en la infancia*. Buenos Aires: Ed. Paidós.
- García, M. (1990). *Aspectos Sociales del Deporte*, Madrid: Alianza Editorial.
- Gayoso, F. (1983). *Fundamentos de la táctica deportiva*. Madrid: Ed. F. Gayoso.
- Gimeno, J. (1986). *La pedagogía por objetivos: Obsesión por la eficiencia*. Madrid: Ediciones Morata.
- Hernández, J. (1994). *Fundamentos del deporte. Análisis de las estructuras del juego deportivo*. Barcelona: Ed. INDE.
- Huizinga, J. (1972). *Homo ludens*. Ed. Alianza. Madrid.
- Kirk, D. (1990). *Educación física y currículum, introducción crítica*. Universidad de Valencia.
- Knapp, B. (1981). *La habilidad en el deporte*. Valladolid: Ed. Miñón
- Le Boulch, J. (1991). *El deporte educativo: psicocinética y aprendizaje motor*. Barcelona: Ed. Paidós Ibérica
- Ley Orgánica 1/1990, de 3 de octubre, de Ordenación General del Sistema Educativo (LOGSE). Boletín Oficial del Estado, 238.
- Ley Orgánica 2/2006, del 3 de mayo, de Educación (LOE). Boletín Oficial del Estado, 106.
- Ley Orgánica 8/2013, del 9 de diciembre, para la Mejora da Calidad Educativa (LOMCE). Boletín Oficial del Estado, 295.
- Mahlo, F. (1980). *La acción táctica en el juego*. La Habana: Ed. Pueblo y Educación
- Parlebas, P. (1979). *Contribución a un léxico comentado para la ciencia de la Educación Motriz*. París: Ed. INSEP
- Pieron, M. (1988). *Didáctica de las actividades físicas y deportivas*. Madrid: Ed. Gymnos.
- Real Decreto 126/2014, de 28 de febrero, por el que se establece el currículo básico de la Educación Primaria. Boletín Oficial del Estado 52.
- Real Decreto 1513/2006, de 7 de diciembre, por el que se establecen las enseñanzas mínimas de la Educación primaria. Boletín Oficial del Estado 293.
- Ruiz, G. (1991). *Juegos y Deportes alternativos*. Madrid: Ed. Agora.

- Sánchez-Bañuelos, F. (1984). *Bases para una didáctica de la Educación Física y el Deporte*. Madrid: Ed. Gymnos.
- Sánchez-Bañuelos, F. (2002). *Didáctica de la Educación Física (en primaria)*. Madrid: Prentice Hall.
- Seirullo, F. (1998). Valores educativos del deporte en D. Blázquez (ed): *La iniciación deportiva y el deporte escolar*. Barcelona: Ed. INDE
- Singer, R. N. (1986). *El aprendizaje de las acciones motrices en deporte*. Barcelona: Ed. Hispano Europea.
- Thorpe, R. (1992). The psychological factors underpinning the “teaching for understanding games” movement. En T. Williams, L. Almond, & A. Sparkes (Eds.), *Sport and physical activity: Moving toward excellence* (Proceedings of the AIESEP World Convention, Loughbough, UK) (pp. 209-218). London: E & FN Spon.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA